


Campaña de vacunación frente á gripe e á COVID-19. 2024

Instrución



DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Título:

Campaña de vacinación fronte á gripe e á COVID-19. 2024. Instrución 3/2024.
Programa Galego de Vacinación.

INICIO DA CAMPAÑA: 23 de setembro de 2024.

FINALIZACIÓN: 31 de decembro de 2024.

Edita:

Consellería de Sanidade.

Dirección Xeral de Saúde Pública e Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
Servizo de Prevención e Control de Enfermidades.

Lugar e data da edición:

Santiago de Compostela, setembro de 2024.

Destinatarios:

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados
/ residencias da terceira idade / centros penitenciarios / unidades asistenciais
de drogodependencias / centros de menores e colexios-residencias /
residencias de persoas con discapacidade / outros tipos de centros /
departamentos territoriais da Consellería de Sanidade / áreas sanitarias.

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web temática
da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<https://gripe.sergas.gal>

Campaña de vacunación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN
SERVIZO DE PREVENCIÓN E CONTROL DE ENFERMIDADES
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA | 4 |
| Introdución | 10 |
| 1. Obxectivos da campaña | 12 |
| 2. Datas da campaña | 13 |
| 3. Administración da vacina fronte á gripe e á COVID-19 | 16 |
| 4. Grupos de poboación diana para a vacinación fronte á gripe e á COVID-19..... | 16 |
| 4.1. Vacinación fronte á gripe e á COVID-19..... | 16 |
| 4.2. Vacinación fronte á gripe | 18 |
| 4.3. Vacinación fronte á COVID-19 en poboación infantil | 18 |
| 5. Información técnica sobre as vacinas | 19 |
| 5.1. Composición | 19 |
| 5.2. Indicación por tipos de vacina..... | 20 |
| 5.3. Pautas e vía de administración | 20 |
| 5.4. Conservación..... | 25 |
| 5.5. Inmunoxenicidade e efectividade..... | 25 |
| 5.6. Efectos secundarios | 26 |
| 5.7. Precaucións e contraindicacións..... | 27 |
| 5.8. Administración simultánea da vacina antigripal e outras vacinas..... | 29 |
| 6. Xestión..... | 30 |
| 6.1. Distribución de vacinas antigripais aos puntos de vacinación | 30 |
| 6.2. Distribución de vacinas fronte á COVID-19..... | 32 |
| 6.3. Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío..... | 32 |
| 6.4. Rexistro das doses administradas..... | 33 |
| 6.5. Recollida de doses sobrantes de vacina fronte á gripe e á COVID-19..... | 37 |
| 7. Citación..... | 38 |
| 8. Seguimento e avaliación das coberturas de vacinación fronte á gripe | 39 |
| ANEXOS | 41 |
| I. Coordinadores/as das áreas sanitarias | 42 |
| II. Departamentos territoriais da Consellería de Sanidade | 43 |
| III. Algúns tratamentos inmunosupresores nos que se recomenda a administración dunha dose adicional da vacina fronte á COVID-19 | 44 |

INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA

DATAS DA CAMPAÑA

A campaña de vacinación fronte á gripe e á COVID-19 levarase a cabo en diferentes puntos de vacinación:

- As persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade serán vacinadas no seu contorno por equipos específicos, ofrecendo a vacina fronte á gripe e á COVID-19.
- Os servizos de Atención Primaria (centros cabeceira) administrarán a vacina fronte á gripe e á COVID-19 ás persoas de 80 e máis anos, as cales serán citadas proactivamente mediante SMS.
- Habilitaranse grandes recintos nas áreas sanitarias e distritos para a vacinación conxunta fronte á gripe e á COVID-19. As persoas serán citadas de forma proactiva mediante unha mensaxe de texto.
- Os puntos de vacinación da gripe habituais (centros de saúde, hospitais, centros privados, residencias, mutuas, etc.) só administrarán a vacina fronte á gripe. Nestes puntos o/a paciente pedirá a cita cando corresponda segundo a secuencia establecida.
- Os hospitais públicos, en colaboración cos servizos de medicina preventiva, solicitarán as doses de gripe e COVID-19 para a vacinación dos/das pacientes de alto risco cando corresponda.
- Como novidade da vacinación fronte á gripe, nesta tempada introdúcese a vacina intranasal para os nenos e nenas de entre 24 e 59 meses.

Os períodos de datas son aproximados, xa que poden sufrir algunha modificación.

Campaña de vacinación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

| VACINACIÓN CONXUNTA FRONTE Á COVID-19 E Á GRIPE | | | | |
|---|--|--|--|--|
| DATA DE INICIO | PUNTO DE VACINACIÓN | | | |
| | Residencias de maiores/centros de discapacidade | Hospitais públicos de cada distrito | Grandes recintos | Servizos de A. Primaria (centros cabeceira) |
| A partir do 23 de setembro | Persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade e traballadores/as destas institucións. | | | |
| A partir do 7 de outubro | | | | Inmobilizados de coidador principal. |
| A partir do 14 de outubro | | <ul style="list-style-type: none"> • Persoal do centro sanitario. • Persoas en situación de inmunosupresión. | | <ul style="list-style-type: none"> • Persoal do centro sanitario. • Persoas de 80 e máis anos. |
| A partir do 26-30 de outubro | | Grandes dependentes (grao III) menores de 80 anos. | Persoas menores de 80 anos, embarazadas, grupos de risco e resto da poboación diana. | |

| VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE NOS PUNTOS DE VACINACIÓN HABITUAIS | |
|--|---|
| A partir do 7 de outubro | <ul style="list-style-type: none"> • Nenos e nenas de 6 a 59 meses. • Nenos e nenas con patoloxías de risco. • Persoas inmobilizadas de calquera idade e coidador principal. |
| A partir do 14 de outubro | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 80 e máis anos. • Persoal dos centros sanitarios do Sergas e hospitais privados. • Persoal das oficinas de farmacia. • Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias. • Persoas en situación de inmunosupresión. • Persoas institucionalizadas (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade) e traballadores/as destas institucións. |
| A partir do 28 de outubro | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 70 a 79 anos. |
| A partir do 11 de novembro | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 60 e máis anos. • Persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco. • Mulleres durante o embarazo ou puerperio. • Persoal de servizos esenciais. • Persoal de exposición laboral. |
| A partir do 18 de novembro | <ul style="list-style-type: none"> • Conviventes de persoas de risco. • Resto da poboación diana. |

Nota: A incorporación dos grupos de risco á campaña de vacinación será secuencial. A medida que se incorporen os novos grupos, solaparase cos anteriores. Non se pechará un grupo para iniciar o seguinte.

VACINAS DISPOÑIBLES

Vacinas fronte á gripe

| | | |
|-------------------------|---|---|
| Alta carga tetravalente | Efluelda® | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 80 ou máis anos da poboación xeral. • Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en residencias de persoas maiores. |
| Tetravalente | Influvac Tetra® | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 6 a 23 meses. • Persoas de 5 a 79 anos. |
| Tetravalente | Fluenz® suspensión para pulverización nasal | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 24 a 59 meses. |

Vacinas fronte á COVID-19

| | | |
|-------------------------------|--------------------------------|--|
| ARNm, monovalente JN.1 | Comirnaty® JN.1 30 microgramos | <ul style="list-style-type: none"> • Persoas de 60 e máis anos, e de 12 a 59 anos con condicións de risco*. • Persoas de 16 e máis anos que non poidan recibir unha vacina de ARNm por alerxias, indicacións médicas ou outras circunstancias. • Persoas institucionalizadas (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade)*. |
| Proteína S de SARS-CoV-2 JN.1 | Bimervax® JN.1 | |
| ARNm, monovalente JN.1 | Comirnaty® JN.1 10 microgramos | <ul style="list-style-type: none"> • Nenos/as de 5 a 11 anos con condicións de risco. |
| ARNm, monovalente JN.1 | Comirnaty® JN.1 3 microgramos | <ul style="list-style-type: none"> • Nenos/as de 6 a 59 meses con condicións de risco. |

* Empregarase vacina de ARNm ou proteína segundo a dispoñibilidade.

POBOACIÓN DIANA PARA VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE E Á COVID-19

- Persoas de 60 ou máis anos.
- Residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e centros de discapacidade).
- Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación e puérperas nos 6 primeiros meses tras o parto, se non foron vacinadas anteriormente.
- Persoas de 12 a 60 anos con condicións de risco (definidas no apartado 4.1.1).
- Persoal de centros sanitarios e sociosanitarios públicos e privados (tanto sanitarios como non sanitarios): coidadores domiciliarios, persoal de oficinas de farmacia e persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.

- Persoas que traballan en servizos públicos esenciais, con especial énfase nos seguintes:
 - Forzas e corpos de seguridade do Estado, con dependencia nacional, autonómica ou local.
 - Bombeiros.
 - Servizos de protección civil.
- Conviventes de persoas pertencentes a grupos de alto risco.

POBOACIÓN DIANA PARA VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE

Ademais dos anteriores, recoméndase a vacina da gripe a:

- Poboación infantil de entre 6-59 meses de idade.
- Menores de entre 5 e 12 anos con condicións de risco (definidas no apartado 4.1.1).
- Persoas de 5 a 18 anos de idade que reciben tratamentos prolongados de ácido acetil-salicílico.
- Persoas fumadoras.
- Persoas con enfermidade celíaca.
- Persoas con fístula de líquido cefalorraquídeo e implante coclear ou espera deste.
- Profesionais ou estudantes en prácticas de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios.
- Persoal de centros de educación infantil nos cursos de nenos e nenas menores de 5 anos.
- Persoas con exposición laboral directa a animais ou ás súas secrecións en granxas ou explotacións avícolas, porcinas ou de visóns ou a fauna silvestre (aves, xabarís ou mustélidos), como gandeiros, veterinarios, traballadores de granxas, cazadores, ornitólogos, axentes de medio ambiente, persoal de zoolóxicos, etc.

PAUTA DE VACINACIÓN

Unha dose da vacina da gripe e unha soa dose da vacina fronte á COVID-19. A vacinación fronte á COVID-19 recoméndase independentemente do número de doses recibidas con anterioridade, incluso sen ningunha dose previa, polo menos 3 meses dende a última dose ou dende a última infección.

No caso da vacinación fronte á gripe na poboación infantil (6 a 59 meses), recoméndase unha soa dose, incluíndo os que se vacinan por primeira vez. Na poboación infantil menor de 9 anos e con condicións de risco, cando sexa a primeira vacinación, administraranse dúas doses de vacina cun intervalo mínimo de 4 semanas.

DISTRIBUCIÓN DAS VACINAS

VACINA FRONTE Á GRIPE

• CARGAS INICIAIS

CENTROS PERTENCENTES AO SERGAS:

Carga inicial que se recibirá sen ter que solicitala:

- Para vacinar o persoal sanitario, persoal de emerxencias e persoal de farmacias.
- Para os nenos e nenas de 6 a 59 meses.
- Para as persoas de 80 e máis anos e aquelas inmobilizadas.

OUTROS PUNTOS DE VACINACIÓN:

Deberán solicitar a carga inicial (aos departamentos territoriais correspondentes):


- **Hospitais e centros privados:** solicitarán a carga inicial para o seu persoal, para as persoas de 80 e máis anos e para os nenos/as de 6 a 59 meses.
- **Residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade:** solicitarán as vacinas para o seu persoal e residentes (que non fosen vacinados xa polos equipos de enfermaría específicos).

O resto de solicitudes deberán ser enviadas ao departamento territorial da Consellería de Sanidade correspondente como en anos anteriores e seguindo a secuencia de poboación diana para vacinar (*véxase recadro en Información básica da campaña*).

- A partir do 28 de outubro, empezarán a vacinarse as persoas menores de 79 anos coa vacina **Influvac Tetra®**; por tanto, será necesario solicitar esta vacina dende todos os puntos para a data indicada. **Non haberá carga inicial automática para o comezo destes grupos.**

• DÍAS DE DISTRIBUCIÓN DA VACINA ANTIGRIPIAL NOS PUNTOS HABITUAIS

| | Días de distribución | | |
|-------------------------|----------------------|----------|--------|
| 7 outubro-8 novembro | martes | mércores | venres |
| 14 novembro-31 decembro | martes | xoves | |

- Sistemática de peticións da vacina antigripal
 - **Única e exclusivamente** vía web (aplicativo RVACU). Prema no seguinte botón:

 - **Única e exclusivamente** cando se cumpra coas porcentaxes establecidas de rexistro de vacinación (véxase apartado 6.1).

VACINA FRONTE Á COVID-19

O envío de doses de COVID-19 será para as residencias de maiores e centros de discapacidade, grandes recintos e centros de saúde de cabeceira. O pedido será a través do aplicativo RVACU, igual que as vacinas da gripe, e serán solicitadas polos coordinadores das áreas sanitarias. Farase envío segundo a programación establecida para as persoas institucionalizadas, envío diario de ser preciso para grandes recintos e cada dous días aos centros de saúde de cabeceira. Non haberá loxística inversa.

REXISTRO DE DOSES

Centros pertencentes á rede Sergas: módulo habilitado en IANUS.

Restantes centros: vía web. Prema no seguinte botón:



Web temática da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública

<https://gripe.sergas.gal>

CONTACTO (véxase ANEXO I e II)

- Os departamentos territoriais da Consellería de Sanidade para temas relacionados coa vacinación antigripal.
- Os asuntos relacionados coa vacinación COVID-19 serán notificados a través do/a coordinador/a da área sanitaria.

Introdución

Dende a tempada 2021-2022, establécese a campaña de vacinación conxunta para a tempada outono-inverno, fronte á gripe e á COVID-19, naqueles grupos de poboación con maior risco de complicacións no caso de padecer a infección, e tamén naquelas persoas que poden transmitir a enfermidade a outras que teñen un alto risco de complicacións.

O obxectivo da vacinación fronte á gripe e á COVID-19 é reforzar a protección das persoas máis vulnerables para reducir a morbimorbilidade causada polos dous virus, así como diminuír o impacto destas infeccións sobre a capacidade da atención sanitaria e sociosanitaria.

A vacinación estará dispoñible ata que finalice a campaña. Poderáselles administrar unha dose da vacina fronte á COVID-19 fóra da campaña de vacinación de forma excepcional ás persoas que o soliciten tras unha valoración individualizada.

A campaña de vacinación levarase a cabo en diferentes puntos de vacinación:

- As persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade serán vacinadas no seu contorno por equipos específicos, ofrecendo a vacina fronte á gripe e á COVID-19.
- Os servizos de Atención Primaria (centros cabeceira) administraranlles a vacina fronte á gripe e á COVID-19 ás persoas de 80 e máis anos, as cales serán citadas proactivamente mediante SMS.
- Habilitaranse grandes recintos nas áreas sanitarias e distritos para a vacinación conxunta fronte á gripe e á COVID-19. As persoas serán citadas de forma proactiva mediante unha mensaxe de texto.
- Os puntos de vacinación da gripe habituais (centros de saúde, hospitais, centros privados, residencias, mutuas, etc.) só administrarán a vacina fronte á gripe. Nestes puntos o/a paciente pedirá a cita cando corresponda segundo a secuencia establecida.
- Os hospitais públicos, en colaboración cos servizos de medicina preventiva, solicitarán as doses de gripe e COVID-19 para a vacinación dos/as pacientes de alto risco cando corresponda.

A vacina fronte á COVID-19 estará dispoñible nos grandes recintos, nas residencias de maiores e centros de discapacidade (soamente cando acudan os equipos de vacinación) nos hospitais, e nos centros de saúde de cabeceira para as persoas de 80 e máis anos. A vacina fronte á gripe estará dispoñible en todos os puntos de vacinación.



As vacinas demostraron ser seguras e eficaces para diminuír o número de complicacións destas enfermidades. Por iso, é moi importante acadar unha alta cobertura, tanto pola protección individual como pola protección colectiva, o que axuda a romper cadeas de transmisión e protexer os demais.

Como novidade da vacinación fronte á gripe, nesta tempada introdúcese a vacina intranasal para os nenos e nenas de entre 24 e 59 meses.

1. Obxectivos da campaña

Os obxectivos que se pretenden acadar na vacinación fronte á gripe e á COVID-19 detállanse a continuación:

Obxectivo xeral (vacinación antigripal)

Diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe e da COVID-19, tentando minimizar o impacto na saúde mediante a súa prevención.

Obxectivos específicos (vacinación antigripal)

- Consegir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 75%.
- Consegir unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde e traballadores sociosanitarios superior ao 75%.
- Consegir unha cobertura vacinal nas mulleres embarazadas e persoas con condicións de risco superior ao 60%.
- Consegir unha cobertura vacinal nos nenos e nenas de entre 6 meses e 59 meses do 60%.

Obxectivos de xestión

- Consegir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5% das doses subministradas aos centros.
- Consegir que a relación entre as doses rexistradas e as utilizadas sexa superior ao 97%.

Cómpre lembrar que esta é unha campaña de moi alto impacto no sistema asistencial, xa que implica a participación dun importante número de profesionais sanitarios que desenvolven o seu traballo en centros nos que se atenden as persoas pertencentes a grupos de risco, de aí a enorme importancia da colaboración de todos os profesionais implicados nela.



2. Datas da campaña

- **Inicio: 23 de setembro**
- **Fin: 31 de decembro**



A vacinación conxunta fronte á COVID-19 e á gripe terá lugar nos puntos habilitados, como grandes recintos dos 14 distritos sanitarios. As persoas serán citadas de forma proactiva mediante unha mensaxe de texto.

Ademais, tamén nas residencias de persoas maiores e nos centros de discapacidade, aos cales acudirá un equipo específico para a vacinación de COVID-19 e gripe.

Os servizos de Atención Primaria (centros cabeceira) administrarán a vacina fronte á COVID-19 xunto coa da gripe aos traballadores do centro e ás persoas de 80 e máis anos. Estas últimas serán citadas de forma proactiva mediante unha mensaxe de texto.

| VACINACIÓN CONXUNTA FRONTE Á COVID-19 E Á GRIPE | | | | |
|---|--|--|--|--|
| DATA DE INICIO | PUNTO DE VACINACIÓN | | | |
| | Residencias de maiores/centros de discapacidade | Hospitais públicos de cada distrito | Grandes recintos | Servizos de A. Primaria (centros cabeceira) |
| A partir do 23 de setembro | Persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade e traballadores/as destas institucións. | | | |
| A partir do 7 de outubro | | | | Inmobilizados de coidador principal. |
| A partir do 14 de outubro | | <ul style="list-style-type: none"> • Persoal do centro sanitario. • Persoas en situación de inmunosupresión. | | <ul style="list-style-type: none"> • Persoal do centro sanitario. • Persoas de 80 e máis anos. |
| A partir do 26-30 de outubro | | Grandes dependentes (grao III) menores de 80 anos. | Persoas menores de 80 anos, embarazadas, grupos de risco e resto da poboación diana. | |

Nota: Os períodos de datas son aproximados, xa que poden sufrir algunha modificación.



Campaña de vacinación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

| VACINACIÓN FRONTE Á GRIPE NOS PUNTOS DE VACINACIÓN HABITUAIS | |
|--|---|
| A partir do 7 de outubro | <ul style="list-style-type: none"> Nenos e nenas de 6 a 59 meses. Nenos e nenas con patoloxías de risco. Persoas inmobilizadas de calquera idade e cuidador principal. |
| A partir do 14 de outubro | <ul style="list-style-type: none"> Persoas de 80 e máis anos. Persoal dos centros sanitarios do Sergas e hospitais privados. Persoal das oficinas de farmacia. Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias. Persoas en situación de inmunosupresión. Persoas institucionalizadas (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade) e traballadores/as destas institucións. |
| A partir do 28 de outubro | <ul style="list-style-type: none"> Persoas de 70 a 79 anos. |
| A partir do 11 de novembro | <ul style="list-style-type: none"> Persoas de 60 e máis anos. Persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco. Mulleres durante o embarazo ou puerperio. Persoal de servizos esenciais. Persoal de exposición laboral. |
| A partir do 18 de novembro | <ul style="list-style-type: none"> Conviventes de persoas de risco. Resto da poboación diana. |

Nota: A incorporación dos grupos de risco á campaña de vacinación será secuencial. A medida que se incorporen os novos grupos, solaparanse cos anteriores. Non se pechará un grupo para iniciar o seguinte. Estas datas poderán sufrir modificacións en función da evolución da campaña de vacinación.

Para recibir a vacina fronte á gripe nos puntos de vacinación habituais (centros de saúde, centros privados, etc.), será a cidadanía quen pida a cita, como en anos anteriores.

3. Administración da vacina fronte á gripe e á COVID-19

Esta vacinación realízase como consecuencia dunha decisión da autoridade sanitaria en materia de saúde pública, por un risco epidemiolóxico e para preservar a saúde colectiva e a das persoas con maior risco de desenvolver complicacións por estas enfermidades, polo que non require diagnóstico nin prescrición previa.

Estas recomendacións de vacinación fórmulanse ao abeiro do establecido na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e na normativa da Comunidade Autónoma nesta materia.

4. Grupos de poboación diana para a vacinación fronte á gripe e á COVID-19

4.1. Vacinación fronte á gripe e á COVID-19

4.1.1. Polo maior risco de complicacións ou cadros graves en caso de padecer gripe e COVID-19

- Persoas de 60 e máis anos.
- Persoas de 5 anos ou máis, internas en residencias de maiores, centros de discapacidade e residentes en institucións pechadas.
- Embarazadas en calquera trimestre da xestación e mulleres durante o puerperio (ata os 6 meses tras o parto e sempre que non se vacinasen durante o embarazo).
- Conviventes de persoas pertencentes a grupos de alto risco.
- Persoas de 12 a 60 anos de idade coas seguintes condicións de risco:
 - Diabetes mellitus e síndrome de Cushing.
 - Obesidade mórbida (IMC ≥ 40 en adultos, ≥ 35 en adolescentes ou ≥ 3 DS na infancia).

Campaña de vacinación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

- Enfermidades crónicas cardiovasculares, neurolóxicas ou respiratorias, incluíndo displasia broncopulmonar, fibrose quística e asma.
- Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica.
- Hemoglobinopatías e anemias ou hemofilia, outros trastornos da coagulación e trastornos hemorráxicos crónicos, así como receptores de hemoderivados e transfusións múltiples.
- Asplenia ou disfunción esplénica grave.
- Enfermidade hepática crónica, incluíndo alcoholismo crónico.
- Enfermidades neuromusculares graves.
- Inmunosupresión (incluíndo as inmunodeficiencias primarias e a orixinada pola infección por VIH, por fármacos, así como nos receptores de transplantes e déficit de complemento. *En pacientes con antecedentes de transplante de proxenitores hematopoéticos, no caso de administrar unha dose antes do sexto mes postransplante, recoméndase administrar unha segunda dose ás 4 semanas. En pacientes con antecedente de transplante de órgano sólido, recoméndase só unha dose anualmente.*
- Cancro e hemopatías malignas.
- Enfermidade inflamatoria crónica.
- Trastornos e enfermidades que supoñan disfunción cognitiva: síndrome de Down, demencias e outras.

4.1.2. Para reducir o impacto e o mantemento de servizos críticos e esenciais na comunidade

- Persoal de centros e establecementos sanitarios e sociosanitarios públicos e privados (tanto sanitarios como non sanitarios, excepto estudantes, nos que só se recomenda vacinación fronte á gripe).
- Persoal de oficinas de farmacia e persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.
- Persoas que proporcionan coidados domiciliarios a pacientes con condicións de risco ou maiores.
- Persoas que traballan en servizos públicos esenciais, con especial énfase nos seguintes:

- Forzas e corpos de seguridade do Estado, con dependencia nacional, autonómica ou local.
- Bombeiros.
- Servizos de protección civil.

4.2. Vacinación fronte á gripe

Ademais dos anteriores, recoméndase a vacinación fronte á gripe a:

- Poboación infantil de entre 6 e 59 meses de idade.
- Persoas que presentan un maior risco de complicacións derivadas da gripe:
 - Menores de entre 5 e 12 anos con condicións de risco (definidas no apartado 4.1.1).
 - Persoas de 5 a 18 anos de idade que reciben tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico.
 - Persoas fumadoras.
 - Persoas con enfermidade celíaca.
 - Persoas con fístula de líquido cefalorraquídeo e implante coclear ou espera deste.
- Profesionais ou estudantes en prácticas de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios.
- Persoal de centros de educación infantil nos cursos de nenos e nenas menores de 5 anos.
- Persoas con exposición laboral directa a animais ou ás súas secrecións en granxas ou explotacións avícolas, porcinas ou de visóns ou a fauna silvestre (aves, xabarís ou mustélidos), como gandeiros, veterinarios, traballadores de granxas, cazadores, ornitólogos, axentes de medio ambiente, persoal de zoolóxicos, etc.

4.3. Vacinación fronte á COVID-19 en poboación infantil

En menores de entre 6 meses e 12 anos priorizarase a vacinación das persoas con condicións asociadas cun aumento de risco de enfermidade grave e tamén dos seus conviventes: transplante de proxenitores hematopoéticos,

inmunodeficiencias primarias e adquiridas, terapias inmunosupresoras, incluíndo cancro (véxase anexo III), enfermidades cardiovasculares graves, enfermidades crónicas respiratorias graves (incluíndo asma grave) e enfermidades neurolóxicas ou neuromusculares graves.

5. Información técnica sobre as vacinas

5.1. Composición

5.1.1. Vacinas antigripais

No mes de febreiro de cada ano, a Organización Mundial da Saúde (OMS) publica a composición da vacina fronte á gripe para a súa utilización no hemisferio norte.

As vacinas trivalentes recomendadas para esta tempada 2024/25 deberán conter os seguintes compoñentes:

As producidas a partir de ovos embrionarios (inactivas ou atenuadas):

- Cepa análoga a A/Victoria/4897/2022 (H1N1)pdm09.
- Cepa análoga a A/Thailand/8/2022 (H3N2).
- Cepa análoga a B/Austria/1359417/2021 (liñaxe B/Victoria).

Para as vacinas tetravalentes producidas a partir de ovos embrionarios, inclúen a maiores a cepa análoga a B/Phuket/3073/2013 (liñaxe B/Yamagata).

5.1.1. Vacinas fronte á COVID-19

A OMS, a Axencia Europea do Medicamento (EMA) e o Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades publicaron unha declaración conxunta sobre a actualización da composición das vacinas fronte á COVID-19 para as novas variantes do virus SARS-CoV-2. Nesa declaración recoméndase a administración de vacinas monovalentes con variante ómicron JN.1 como antíxeno.

5.2. Indicacións por tipos de vacina

Nesta campaña subministraranse as seguintes vacinas:

| Enfermidade | Nome comercial | Idade | Laboratorio | Características |
|-------------|---|--|------------------|---------------------------|
| Gripe | Efluelda® | ≥80 anos na poboación xeral e ≥60 anos institucionalizados en residencias de maiores*. | Sanofi Aventis. | Alta carga, tetravalente. |
| | Influvac Tetra® | 6 a 23 meses. 24 a 59 meses se hai contraindicación de Fluenz®. 5 a 79 anos. | Viartis/ Mylan. | Tetravalente. |
| | Fluenz® suspensión para pulverización nasal | 24 a 59 meses. | AstraZeneca | Trivalente. |
| COVID-19 | Comirnaty® JN.1 30 microgramos | Persoas de 60 e máis anos, e de 12 a 59 anos con condicións de risco**. | Pfizer BioNTech. | ARNm, monovalente JN.1. |
| | Bimervax® JN.1 | En persoas de 16 e máis anos que non poidan recibir unha vacina de ARNm por alerxias, indicacións médicas ou outras circunstancias. Persoas institucionalizadas (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade)**. | Hipra. | Proteína S de SARS-CoV-2. |
| | Comirnaty® JN.1 10 microgramos | Nenos/as de 5 a 11 anos con condicións de risco. | Pfizer BioNTech. | ARNm, monovalente JN.1. |
| | Comirnaty® JN.1 3 microgramos | Nenos/as de 6 a 59 meses con condicións de risco. | Pfizer BioNTech. | ARNm, monovalente JN.1. |

* En caso de que as doses dispoñibles non cubran a totalidade dos institucionalizados, utilizarase a vacina Influvac Tetra®.

** Empregarase vacina de ARNm ou proteína segundo a dispoñibilidade.

5.3. Pautas e vía de administración

Pauta de vacunación

- A pauta de vacunación é dunha dose da vacina da gripe e unha dose da vacina fronte á COVID-19. A vacunación fronte á COVID-19 recoméndase independentemente do número de doses recibidas con anterioridade,

Campaña de vacinación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

incluso sen ningunha dose previa, polo menos 3 meses dende a última dose ou dende a última infección.

- No caso da vacinación fronte á gripe na poboación infantil (6 a 59 meses), recoméndase unha soa dose, incluíndo os que se vacinan por primeira vez. Naqueles con condicións de risco, sen antecedentes de vacinación previa, adminístranse dúas doses de vacina separadas 4 semanas.
- A poboación infantil pode requirir a administración de máis doses de vacinas:
 - Vacinación fronte á gripe en poboación de entre 6 meses e 8 anos con condicións de risco indicativas de vacinación:
 - ❖ Se non hai antecedente de vacinación previa: dúas doses separadas polo menos 4 semanas.
 - ❖ Se hai antecedentes de vacinación previa: unha soa dose.
 - Vacinación fronte á COVID-19 en poboación de entre 6 e 59 meses con condicións de risco indicativas de vacinación:
 - ❖ Se non hai antecedente de vacinación con pauta completa ou infección previa: tres doses, con pauta 0-3-8 semanas.
 - ❖ Se hai antecedente de vacinación con pauta completa ou infección previa: unha soa dose.
- As persoas con inmunosupresión grave de 6 ou máis meses de idade poden requirir a administración dunha dose máis de vacina fronte á COVID-19. Esta dose adicional adminístrase polo menos 3 meses despois, exceptuando aqueles casos que estean a piques de recibir ou aumentar a intensidade dun tratamento inmunosupresor, xa que se obtería unha mellor resposta se se vacinasen antes de que comezase ese tratamento. Nestes casos inusuais poderíase reducir o intervalo a 3 semanas (anexo III).
- Aquelas persoas que teñen contraindicadas as vacinas de ARNm fronte á COVID-19 poderán recibir as vacinas de proteínas dispoñibles.
- Fóra da campaña de vacinación, poderase administrar unha dose de vacina fronte á COVID-19, de xeito excepcional, ás persoas que o soliciten tras valoración individualizada. Nestes casos deberase ter en conta o intervalo coas doses previas ou coa infección (3 meses).

EFLUELDA®

- **Indicación:**
 - Persoas de **80 ou máis anos.**
 - **Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en residencias de persoas maiores.**
- Dose: 0,7 ml.
- Vía de administración:
 - Intramuscular preferentemente, aínda que tamén se pode administrar subcutánea.
- Lugar de administración:
 - Músculo deltoide.
- *Pola súa ficha técnica, pode utilizarse en persoas de 60 ou máis anos.*

INFLUVAC TETRA®

- Pode utilizarse en adultos e nenos/as **a partir dos 6 meses de idade.**
- **Indicación:** nas persoas incluídas na poboación diana de entre 6 e 23 meses, de 24 a 59 meses que teñan contraindicada a vacina intranasal e persoas de 5 a 79 anos.
- Dose: 0,5 ml.
- Vía de administración:
 - Intramuscular ou subcutánea.
- Lugar de administración:
 - En nenos, en función da idade e masa muscular: cara anterolateral da coxa ou músculo deltoide.
- En adultos:
 - Músculo deltoide.

FLUENZ® suspensión para pulverización nasal

- Pode utilizarse en nenos/as de **entre 24 meses e 17 anos de idade.**
- **Indicación:** nas persoas incluídas na poboación diana de entre 24 e 59 meses (véxase contraindicacións no apartado 5.7).
- Dose: 0,2 ml.

Campaña de vacunación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

- Vía de administración:
 - Intranasal. Administrarase 0,1 ml en cada fosa nasal.
- Lugar de administración:
 - En ambos os dous orificios nasais. No caso de administrar todo o contido nunha fosa, non será preciso repetir, xa que será válida.

COMIRNATY® JN.1. 30 microgramos

- **Indicación:**
 - Persoas de 60 ou máis anos.
 - Persoas de entre 12 e 59 anos con condicións de risco.
- Presentación: un vial de **tapón gris** multidose, que contén **6 doses** de 0,3 ml.
- Preparación:
 - Mesturar suavemente invertendo os viais 10 veces antes do seu uso. Non axitar nin diluír.
- Dose: 0,3 ml.
- Vía de administración: intramuscular.
- Lugar de administración: músculo deltoide.

COMIRNATY® JN.1. 10 microgramos

- **Indicación:**
 - Nenos/as de entre 5 e 11 anos con condicións de risco.
 - Presentación: un vial de **tapón azul**, que contén **6 doses** de 0,3 ml.
- Preparación:
 - Mesturar suavemente invertendo os viais 10 veces antes do seu uso. Non axitar nin diluír.
- Dose: 0,3 ml.
- Vía de administración: intramuscular.
- Lugar de administración: músculo deltoide.

COMIRNATY® JN.1. 3 microgramos

- **Indicación:**
 - Nenos/as de entre 6 e 59 meses con condicións de risco.
- **Presentación:**
 - Un vial de **tapón amarelo** multidose, que contén **3 doses** de 0,3 ml, despois da dilución.
- **Preparación:**
 - Mesturar suavemente invertendo o vial 10 veces.
 - Diluír con 1,1 ml de cloruro de sodio 9 mg/ml (0,9%).
 - Igualar a presión do vial antes de retirar a agulla extraendo 1,1 ml de aire na xiringa baleira utilizada na dilución.
 - Mesturar suavemente de novo o vial coa dilución 10 veces.
- **Dose:** 0,3 ml.
- **Vía de administración:** intramuscular.
- **Lugar de administración:** en función da idade e masa muscular do neno/a, administrar na cara anterolateral da coxa ou músculo deltoide.

BIMERVAX® JN.1

- **Indicación:**
 - En función da dispoñibilidade e chegada desta vacina establecerase o grupo poboacional para a súa administración.
- **Presentación:**
 - Un vial monovalente, que contén 1 dose de 0,5 ml.
- **Preparación:**
 - Mesturar suavemente o vial antes e entre cada retirada de dose. Non axitar.
- **Dose:** 0,5 ml.
- **Vía de administración:** intramuscular.
- **Lugar de administración:** músculo deltoide.

5.4. Conservación

- **Vacinas fronte á gripe**
 - Conservar en neveira, entre +2°C e +8°C, e coa súa embalaxe exterior para protexer da luz.
 - Non deben conxelarse.
- **Vacinas fronte á COVID-19 (ARNm)**
 - Unha vez desconxelados, os viais multidose poden conservarse ata 10 semanas entre 2 e 8°C.
 - O vial sen abrir pódese conservar un máximo de 24 horas entre 8 e 30°C.
 - Unha vez aberto o vial, pódese almacenar durante 12 horas entre 2 e 30°C. Será estable durante o transporte ata 6 horas.
- **Vacinas fronte á COVID-19 (Bimervax®)**
 - O vial debe conservarse a temperaturas de entre 2 e 8°C e dentro da embalaxe exterior para protexela da luz.
 - O vial deberá desbotarse despois de 6 horas tras a primeira punción do vial.

5.5. Inmunoxenicidade e efectividade

A eficacia e a efectividade das vacinas pode variar entre un 30-80% no caso das vacinas antigripais e entre un 70-90% no caso das vacinas fronte á COVID-19 para formas graves. Dependerá da idade e da inmunocompetencia da persoa, así como do grao de similitude entre os virus contidos na vacina e os virus circulantes.

Aínda así, as vacinas da gripe e da COVID-19 teñen un importante beneficio, xa que reducen a frecuencia de complicacións secundarias e diminúen, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe e coa COVID-19 nos maiores en persoas con condicións de risco.

Despois da vacinación, a maioría dos nenos e adultos novos desenvolven títulos de anticorpos que protexen fronte á infección de cepas similares ás incluídas nas vacinas.

A resposta de anticorpos pode ser menor en pacientes con inmunodeficiencia.

5.6. Efectos secundarios

As vacinas antigripais e fronte á COVID-19 non poden ocasionar a enfermidade, xa que conteñen soamente virus fraccionados non infecciosos ou antígenos inactivados.

Os efectos adversos son pouco frecuentes e, cando aparecen, adoitan ser locais e autolimitados.

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local (dor, eritema, induración) no lugar da inxección, que dura menos de 48 horas. As reaccións locais aparentes resólvense espontaneamente de 1 a 3 días tras o seu inicio e, polo xeral, son leves e raramente interfíren coas actividades rutineiras.

Con menor frecuencia (<10%), poden ocorrer outros tipos de reaccións sistémicas:

- Febre, cefalea, malestar, mialxias e outros síntomas sistémicos, que se inician ás 6-12 horas tras a vacinación e persisten 1-2 días. Afectan máis a miúdo a aquelas persoas non vacinadas con anterioridade.
- No caso das vacinas de ARNm fronte á COVID-19, poden aparecer, moi raramente, casos de pericardite e miocardite; estes cadros preséntanse principalmente en homes novos despois da segunda dose da vacina e nos 14 días seguintes da vacinación. A evolución é similar aos cadros de pericardite e miocardite que aparecen por outras causas, xeralmente de boa evolución.
- Con moi pouca frecuencia poden aparecer reaccións inmediatas (presumiblemente alérxicas), que se manifestan como anxioedema, asma ou anafilaxe. Probablemente, estas reaccións prodúcense por hipersensibilidade a algún compoñente da vacina.

Para máis información, pode consultar as fichas técnicas das vacinas dispoñibles.

5.7. Precaucións e contraindicacións

5.7.1. Contraindicacións

- As vacinas non se deben administrar a persoas con **antecedentes de reacción anafiláctica** a doses previas ou a algún compoñente da vacina.
- Non se recomenda a administración doutra dose das vacinas de ARNm ás persoas que presentasen un episodio de miocardite ou pericardite tras doses previas.

No caso de persoas de alto risco con contraindicación á vacina, a utilización de antivíricos é unha opción para previr a gripe, e igualmente débese lembrar a vacinación dos seus conviventes.

- No caso de administrar a vacina fronte á gripe intranasal, teranse en conta as seguintes contraindicacións específicas: deficiencia grave do sistema inmune e tratamento crónico con salicilatos.

5.7.2. Falsas contraindicacións

- O feito de ter padecido infección por **SARS-CoV-2 non contraindica** a vacinación.
- A administración da vacina **non está contraindicada** en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo (a excepción da vacina intranasal) e, polo tanto, non existe risco de proliferación viral incontrolada. Poderíase esperar unha menor resposta inmune.
- A vacinación **tampouco está contraindicada** no período de lactación materna.
- A vacina Influvac Tetra® está **exenta de látex**. En canto a Efluelda®, o fabricante certifica ausencia de látex nos distintos materiais da vacina.

5.7.3. Precaucións

- No caso de **enfermidade febril, aguda ou severa concorrente**, a vacinación deberá diferirse ata que remitan os seus síntomas. Non obstante, enfermidades menores con ou sen febre non contraindican o uso das vacinas, particularmente en nenos con infección leve do tracto respiratorio superior ou rinite alérxica, polo que nestes casos a vacinación non se debería pospoñer.
- As vacinas dispoñibles fronte á gripe están cultivadas en ovo; aínda así, existe evidencia suficiente para recomendar que **as persoas con historia de alerxia despois da exposición ao ovo poden recibir vacinas fronte á gripe sen precaucións especiais**. As precaucións deben ser similares ás tomadas ante a administración de calquera outra vacina. No caso de ter presentado reaccións alérxicas graves ou anafilaxe ao ovo, a vacinación será realizada por persoal con experiencia e supervisarse 30 minutos tras a administración.
- **Precaución en persoas que desenvolven unha síndrome de Guillain-Barré (SGB) dentro das 6 semanas** posteriores á vacinación antigripal:

No caso de persoas con antecedentes de SGB que teñen un risco moi elevado de complicacións gripais graves, a maioría das persoas expertas cren que os beneficios da vacinación antigripal xustifican o seu uso, xa que o padecemento da gripe implica un maior risco de presentar recaídas respecto á SGB que a vacinación. As investigacións realizadas indican que non existe un incremento substancial da incidencia desta síndrome coa vacinación antigripal.
- **As persoas con trastornos da coagulación** ou en tratamentos anticoagulantes poden desenvolver hematomas no lugar da inxección. Isto non contraindica a vacinación e, de precisar unha vacina cuxa vía de administración sexa unicamente intramuscular, debe utilizarse unha agulla fina (calibre 25 G), aplicando presión local sen fretar durante 2 minutos. Se está con tratamento fronte á hemofilia ou similar, aproveitarase para vacinar inmediatamente tras a administración do tratamento. En todo caso, é aconsellable consultar co especialista.

- En canto 3 vacina intranasal, ao tratarse dunha vacina de virus vivos atenuados, ten potencial de transmisi3n a contactos con inmunosupresi3n. Por este motivo, os e as receptores da vacina deben tentar evitar, no posible, o contacto estreito con persoas gravemente inmunodeprimidas durante 1-2 semanas despois da vacunaci3n. Ao tratarse dunha vacina de administraci3n intranasal, recomendarase pospoñela no caso de conxest3n nasal moi importante no d3a da vacunaci3n. Ademais, ser3 preciso ter precauci3n naqueles casos con s3ntomas de asma grave nos 3 d3as previos 3 vacunaci3n.

5.8. Administraci3n simult3nea da vacina antigripal e outras vacinas

As vacinas fronte 3 gripe e 3 COVID-19 p3dense administrar simultaneamente, en lugares anatómicos diferentes. Ademais, estas vacinas poderanse administrar tam3n conxuntamente con outras.

As publicaci3ns dispo3nibles mostran que non se observaron diferenzas nas respostas inmunes de ambas as vacinas tras a s3a administraci3n conxunta ou por separado nin na s3a efectividade.

Pode consultar as fichas t3cnicas das vacinas dispo3nibles en:

- Efluelda[®]: https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/85068/FT_85068.html
- Influvac Tetra[®]: https://cima.aemps.es/cima/dochtml/p/82600/P_82600.html
- Fluenz[®], suspensi3n para pulverizaci3n nasal: https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/113887003/FT_113887003.html
- Comirnaty[®] JN.1: https://www.ema.europa.eu/en/documents/product-information/comirnaty-epar-product-information_es.pdf
- Bimervax JN.1: https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/1221709001/FT_1221709001.html

6. Xestión

6.1. Distribución de vacinas antigripais aos puntos de vacinación

Cargas iniciais

Centros pertencentes ao Sergas:

Carga inicial que se recibirá sen ter que solicitala:

- Para vacinar o persoal sanitario, persoal de emerxencias e persoal de farmacias.
- Para os nenos e nenas de 6 a 59 meses.
- Para as persoas de 80 e máis anos e persoas inmobilizadas. Para vacinar o persoal sanitario, persoal de emerxencias e persoal de farmacias.

Outros puntos de vacinación:

Deberán solicitar a carga inicial (aos departamentos territoriais correspondentes):

- **Hospitais privados:** solicitarán a carga inicial para o seu persoal, para as persoas de 80 e máis anos e para os nenos/as de 6 a 59 meses.
- **Residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade:** solicitarán as vacinas para o seu persoal e residentes (que non fosen vacinados polos equipos de enfermaría específicos).

O resto de solicitudes deberán ser enviadas ao departamento territorial da Consellería de Sanidade correspondente como en anos anteriores e seguindo a secuencia de poboación diana que se vai vacinar (*véxase recadro en Información básica da campaña*).

- A partir do 28 de outubro, comezarán a vacinarse as persoas menores de 79 anos coa vacina **Influvac Tetra®**; polo tanto, será necesario solicitar esta vacina dende todos os puntos para a data indicada. **Non haberá carga inicial automática para o inicio destes grupos.**

Distribución de vacinas



As peticións deberán realizarse antes das 14.00 horas.

1.^a-5.^a semana (7 de outubro-8 de novembro)

A distribución realizarase 3 días á semana:

- **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- **Mércores:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o luns previo.
- **Venres:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o mércores previo.

A partir da 5.^a semana da campaña (11 de novembro-31 de decembro)

A distribución realizarase 2 días á semana:

- **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o martes previo.

Non se servirán envíos extraordinarios

(Agás en casos moi puntuais e debidamente xustificados: rupturas en cadea de frío).

Peticións

As peticións realizaranse ao departamento territorial de Sanidade correspondente, **única e exclusivamente** a través da páxina web do Sergas.

NON SE TRAMITARÁ NINGÚN PEDIDO RECIBIDO POR CORREO.

Para realizar as peticións prema no seguinte enlace:

<https://rvacu.sergas.gal/rvacu/>

Para realizar a petición de doses de gripe no aplicativo apareceran dous produtos:

- Gripe tetravalente: para pedir Efluelda[®] e Influvac Tetra[®].
- Gripe trivalente: para pedir Fluenz[®].

SERÁ IMPRESCINDIBLE VALIDAR NO APLICATIVO A RECEPCIÓN DAS DOSES, DE NON FACELO NON CONTARÁN COMO EXISTENCIAS DO CENTRO.

Tipo de vacina e número de doses que se solicitarán

Tendo en conta o stock existente no centro e o número de persoas que se prevé vacinar ata o momento da seguinte entrega, estimarase o número de doses que se van precisar de:

Efluelda®:

- Persoas de 80 ou máis anos da poboación xeral.
- Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en residencias de persoas maiores.

Influvac Tetra®:

- Persoas de entre 6 e 23 meses e entre 5 e 79 anos.

Fluenz®, suspensión para pulverización nasal®:

- Nenos e nenas de entre 24 e 59 meses.

6.2. Distribución de vacinas fronte á COVID-19


O envío de doses de COVID-19 será para as residencias de maiores e centros de discapacidade, grandes recintos e centros de saúde de cabeceira. O pedido será a través do aplicativo RVACU, igual que as vacinas da gripe, e serán solicitadas polos coordinadores das áreas sanitarias. Farase envío segundo a programación establecida para as persoas institucionalizadas, envío diario, de ser preciso, para grandes recintos e cada dous días aos centros de saúde de cabeceira. Non haberá loxística inversa.

6.3. Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío

Cando se reciban as vacinas, verificarase que o tipo de vacina e o número de doses se corresponden co que figura no albará de entrega.

As vacinas deberán trasladarse inmediatamente á neveira e conservarse a unha temperatura de entre +2°C e +8°C evitando a súa conxelación e a exposición á luz.

A neveira deberá estar dotada dun termómetro de temperatura máxima e mínima, do cal se deberán realizar dúas lecturas diarias: á primei-



ra e á última hora da xornada laboral. Débese reiniciar despois desta última lectura e proceder ao seu rexistro.

As incidencias na recepción de vacinas débenselle notificar ao departamento territorial de Sanidade correspondente (véxase o anexo II), así como toda ruptura da rede de frío, especificando a temperatura dese momento, a máxima e mínima acadadas, así como o número estimado de horas de exposición a esas temperaturas.

É necesaria a devolución do material reutilizable no que se reciben as vacinas, especialmente as **bolsas isotérmicas**, ao recibir a seguinte entrega.

6.4. Rexistro das doses administradas

- É imprescindible facer o rexistro no momento da vacinación para poder tramitar os pedidos de vacinas e que a campaña continúe con normalidade.
- **O rexistro inmediato tamén axuda a diminuír posibles erros.**

6.4.1. Vacina fronte á gripe

Tendo en conta o grupo da poboación diana, deberase marcar o grupo de risco segundo a seguinte táboa:

| GRUPO DA POBOACIÓN | ÍTEM A MARCAR NO REXISTRO |
|---|---|
| Persoas institucionalizadas en residencias de maiores | Persoas que viven en residencias de maiores. |
| Persoas institucionalizadas en centros de discapacidade | Persoas que viven noutras institucións. |
| Vacinación sistemática de 60 anos en diante | Persoas de 60 ou máis anos. |
| Vacinación sistemática entre os 6 e 59 meses | Nenos/as de 6 meses a 59 meses. |
| Embarazadas | Embarazadas. |
| Grupos de risco | Persoas de 5 anos en diante pertencentes a grupos de risco. |
| Conviventes con persoas de risco | Persoas de 5 anos en diante pertencentes a grupos de risco. |
| Persoas con exposición laboral directa a animais, etc. | Persoas de 5 anos en diante pertencentes a grupos de risco. |
| Persoas que traballan en servizos públicos esenciais | Persoas de 5 anos en diante pertencentes a grupos de risco. |
| Persoal de centros sanitarios | Persoal médico do Sergas (incluídos os MIR). |
| | Persoal de enfermería do Sergas (incluídos os EIR). |
| | Outro persoal do Sergas (auxiliares, celadores, administrativos). |
| | Estudantes en prácticas do Sergas. |
| | Persoal sanitario de centros privados. |
| Outra poboación | Persoas sen risco. |

- A vacinación **sistemática dos nenos e nenas de 6 a 59 meses** rexistrarse na epígrafe **“Nenos/as de 6 meses a 59 meses”**, aínda que pertenza a algún outro grupo de risco.
- A vacinación das mulleres embarazadas durante a tempada de gripe deberá rexistrarse na epígrafe **“Embarazadas”**, aínda que pertencen a algún outro grupo de risco; priorizarase o rexistro do embarazo sobre outros grupos.
- Durante a campaña, no caso de que o persoal de enfermería se desprace aos domicilios para visitas proactivas ou de seguimento de enfermos crónicos, pode aproveitar para vacinar fronte á gripe, e realizarse o rexistro destas doses ao chegar ao centro.

Campaña de vacunación fronte á gripe e á COVID-19. 2024

Nos centros da rede do Sergas, as doses administradas débense rexistrar a través do módulo habilitado en IANUS para a campaña, elixindo a campaña correspondente (campaña antigripal 2024), tal como se mostra nas seguintes imaxes:

No módulo de rexistro de gripe aparece un cadro que indica a posible participación da persoa usuaria nun ensaio clínico que se levará a cabo soamente na vacinación fronte á gripe en grandes recintos nas persoas de 65 a 79 anos. Polo tanto, no resto dos puntos de vacinación non será preciso marcar nada, xa que virá marcado por defecto "Non".

Os restantes centros rexistrarán vía web as doses que administren na seguinte ligazón:

<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

En caso de dúbida, os centros débense poñer en contacto co departamento territorial de Sanidade correspondente.

6.4.2. Vacina fronte á COVID-19

Tendo en conta o grupo da poboación diana, deberase marcar o grupo de risco segundo a seguinte táboa:

| GRUPO DA POBOACIÓN | ÍTEM PARA MARCAR NO REXISTRO |
|---|---|
| Persoas institucionalizadas en residencias de maiores | Persoas que viven en residencias de maiores. |
| Persoas institucionalizadas en centros de discapacidade | Persoas que viven noutras institucións. |
| Vacunación sistemática de 60 anos en diante | Grupo de risco para COVID-19 por idade. |
| Grupos de risco | Condições de alto risco. |
| Embarazadas | Embarazada. |
| Conviventes con persoas de risco | Condições de alto risco. |
| Persoas que traballan en servizos públicos esenciais | Traballador de actividades esenciais. |
| Personal de centros sanitarios | Personal de centro sanitario de Atención Especializada. |
| | Personal de centro sanitario de Atención Primaria. |
| | Outro profesional do ámbito sanitario. |
| | Traballador de centro sociosanitario. |
| | Outro profesional do ámbito sociosanitario. |

Nos centros da rede do Sergas, as doses administradas débense rexistrar a través do módulo habilitado en IANUS para a campaña, elixindo a campaña correspondente (campaña de vacunación COVID-19. 2024).





As vacinas fronte á COVID-19 que se empregarán na campaña actual aparecerán para seren marcadas de forma directa. No caso de ter que rexistrar algunha vacina administrada con anterioridade, marcarase a opción "Compostos fóra de campaña".

Poderase acceder dende o módulo de rexistro de gripe ao de COVID-19 ou ao revés marcando na parte superior dereita "Ir a campaña COVID/GRIPE"; deste xeito non será preciso saír e volver acceder ao apartado.

Rexistro das renuncias

Existe un apartado específico para consignar esta información. En caso de que a persoa á que se lle indica a vacinación renunciasse a ela, deberase consignar na epígrafe correspondente.

6.5. Recollida de doses sobrantes de vacina fronte á gripe e á COVID-19

**Unha vez finalizada a campaña, os departamentos territoriais de Sa-
nidade** poñeranse en contacto cos centros para solicitarlles o número de doses de vacinas fronte á gripe e á COVID-19 que cómpre recoller.

7. Citación

- As persoas de 60 anos en diante serán citadas de forma automática para a vacinación fronte á COVID-19 e á gripe nos grandes recintos.
- Para a vacinación das persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de dependencia e os traballadores destes centros, acudirá un equipo de enfermaría para a administración da vacina fronte á gripe e á COVID-19.
- A vacinación da gripe dos nenos/as de 6 a 59 meses realizarase mediante citación proactiva nos correspondentes centros de saúde.
- A vacinación de gripe e COVID-19 para as persoas de 80 e máis anos realizarase mediante citación proactiva nos centros de saúde de cabeceira correspondentes.

Fóra do anteriormente indicado, a vacinación antigripal nos centros de saúde realizarase mediante cita concertada, que poderá ser por vía electrónica, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ou no propio centro de saúde.

A vacinación da gripe, igual que na campaña anterior, será secuencial, polo que é imprescindible que a citación se adapte a esta secuencia:

- O 7 de outubro comeza a vacinación na poboación infantil de 6 a 59 meses.
- O 14 de outubro comeza a vacinación para persoas de 80 e máis anos, traballadores de centros sanitarios do Sergas e de hospitais tanto públicos como privados, traballadores de emerxencias sanitarias e traballadores de oficinas de farmacia.
- As persoas de 70-79 anos poderán pedir cita a partir do 24 do outubro para seren vacinadas do 28 de outubro en diante.
- A partir do 11 de novembro terán acceso as persoas de **60 e máis anos, menores de 60 anos con patoloxías de risco, embarazadas, traballadores esenciais e traballadores con risco por exposición laboral.**
- A partir do 18 de novembro continuarase coa vacinación do resto das persoas incluídas nos grupos diana, polo que, a partir dese momento, toda a poboación diana poderá acceder á autocita.

8. Seguimento e avaliación das coberturas de vacinación fronte á gripe

Como nas campañas anteriores, os profesionais médicos e de enfermaría de Atención Primaria terán dispoñible a través da plataforma WPRESS o informe da cobertura de vacinación da súa cota/grupo e a súa comparativa co centro/unidade de Atención Primaria e área sanitaria correspondente.

Previamente ao inicio desta, no mes de outubro, publicarase este informe cos datos relativos á campaña pasada (2023) para que sirvan de punto de partida; posteriormente, nos meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro poñeranse á disposición os informes relativos a esta campaña 2024, que proporcionarán información actualizada e permitirán avaliar o desenvolvemento da vacinación neste ano, o que posibilitará levar a cabo as accións que se consideren oportunas.

Semanalmente e durante o transcurso da campaña, publicarase na páxina web temática da gripe a información sobre a evolución da vacinación, seguindo a mesma sistemática de anos anteriores.

<https://gripe.sergas.gal>

Logo de rematar a campaña, elaborárase o informe final da campaña, que será publicado nesa mesma páxina web.

A información relativa a esta campaña pódese consultar
na web temática da gripe da
Dirección Xeral de Saúde Pública:

<https://gripe.sergas.gal>



Carmen Durán Parrondo
DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA



Alfredo José Silva Tojo
DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

Anexos



Anexo I. Coordinadores/as das áreas sanitarias

| A Coruña e Cee | |
|--|--|
| GRYPE | COVID-19 |
| Silvia Vázquez Pérez | Enrique González Rodríguez |
| 📞 981 178 000 / ext. 297 211 | 📞 981 178 000 |
| @ silvia.vazquez.perez@sergas.es | @ enrique.gonzalez.rodriguez@sergas.es |
| Ferrol | |
| GRYPE | COVID-19 |
| Begoña Vidal Maroño | María Isabel Turnes Cordeiro |
| 📞 981 334 018 / 465 663 | 📞 465 614 |
| @ begona.vidal.marono@sergas.es | @ isabel.turnes.cordeiro@sergas.es |
| Santiago de Compostela e Barbanza | |
| GRYPE | COVID-19 |
| Montserrat Souto Pereira | Isabel Campos Pardo |
| 📞 250 480 | 📞 250 480 |
| @ montserrat.souto.pereira@sergas.es | @ isabel.campos.pardo@sergas.es |
| Lugo, Cervo e Monforte de Lemos | |
| GRYPE | COVID-19 |
| Ángeles Dono Díaz | Carmen Pereiro Belay |
| 📞 536 299 | 📞 536 529 |
| @ maria.de.los.angeles.dono.diaz@sergas.es | @ maria.del.carmen.pereiro.belay@sergas.es |
| Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras | |
| GRYPE | COVID-19 |
| Verónica Civeira Pérez | Josefa Rodríguez Araujo |
| 📞 566 421 | 📞 988 385 512 |
| @ veronica.civeira.perez@sergas.es | @ josefa.rodriguez.araujo@sergas.es |
| Pontevedra e O Salnés | |
| GRYPE | COVID-19 |
| Silvia Amoedo Casqueiro | Diego Canedo Cotelo |
| 📞 287 011 / 465 765 | 📞 465 736 |
| @ silvia.amoedo.casqueiro@sergas.es | @ diego.canedo.cotelo@sergas.es |
| Vigo | |
| GRYPE | COVID-19 |
| María Carmen Soto Dávila | Antonio Rodríguez Pena |
| 📞 986 816 465 / 69 | 📞 986 825 159 |
| @ maria.del.carmen.soto.davila@sergas.es | @ antonio.rodriguez.pena@sergas.es |

Anexo II. Departamentos territoriais da Consellería de Sanidade

A Coruña

@ corunavacinas.dlpc@sergas.es

📞 981 155 822 / 555 822; 981 082 353 / 582 353; 981 155 826 / 555 826

Lugo

@ xtlu.vacinas@sergas.es

📞 982 292 117 / 982 292 113

Ourense

@ vacinas.sanidade.ourense@sergas.es

📞 988 066 347 / 988 066 513

Pontevedra

@ vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

📞 986 885 824 / 986 885 826

Unidade de Vigo

@ vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es

📞 986 817 724 / 986 817 232 / 986 817 233

Anexo III. Algúns tratamentos inmunosupresores nos que se recomenda a administración dunha dose adicional da vacina fronte á COVID-19

Persoas que reciban ou recibisen nos 3 meses anteriores tratamento para unha enfermidade autoinmune como:

- Inhibidores de JAK ou moduladores inmunitarios biolóxicos, incluídas terapias dirixidas a células B (tamén rituximab, pero neste caso o receptor considerárase inmunosuprimido durante un período de 6 meses).
- Moduladores da coestimulación de células T.
- Inhibidores monoclonais do factor de necrose tumoral (TNF).
- Receptores solubles de TNF.
- Inhibidores do receptor de IL-6.
- Inhibidores de IL-17, IL-12/23 ou IL-23.

Persoas que reciban ou recibisen:

- Corticoesteroides a doses altas (equivalentes de ≥ 20 mg/día de prednisolona ou equivalentes a ≥ 1 mg/día de prednisolona en poboación infantil) durante máis de 10 días no mes anterior á vacinación.
- Corticoesteroides a doses moderadas a longo prazo (equivalentes de ≥ 10 mg/día de prednisolona ou $\geq 0,5$ mg/día de prednisolona en poboación infantil, durante máis de 4 semanas) nos 3 meses anteriores á vacinación.
- Fármacos inmunomoduladores orais non biolóxicos, como metotrexato >20 mg/semana (oral e subcutáneo), azatioprina >3 mg/kg/día, 6-mercaptopurina $>1,5$ mg/kg/día, micofenolato >1 g/día, nos 3 meses anteriores á vacinación.

Persoas que reciban ou recibisen (continuación):

- Certos fármacos combinados a doses individuais inferiores ás anteriores, incluídos os que reciben $\geq 7,5$ mg/día de prednisolona en combinación con outros inmunosupresores (distintos de hidroxiclороquina ou sulfasalazina) e os que reciben metotrexato (calquera dose) con leflunomida, ou calquera dose en poboación infantil, nos 3 meses anteriores á vacinación.
- Altas doses de esteroides (equivalentes a >40 mg/día de prednisolona ou equivalente a >2 mg/kg/día de prednisolona en poboación infantil durante máis dunha semana) por calquera motivo no mes previo á vacinación.

A información relativa a esta campaña pode consultarse na web temática da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<https://gripe.sergas.gal>



Consellería
de Sanidade

Saúde Pública

Instrucións

45

D



XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL
DE SAÚDE PÚBLICA